

COMISIÓN DE PERSOAL 24 ABRIL

- **OPE 2026**
- **RPT AXI**
- **ACTUALIZACIÓN PREVISIONS ELECCIÓN DE DESTINO CORPOS XERAIS**

OPE 2026

UGT VOTA EN CONTRA. A OPE se aproba co único voto a favor da administración.

Reiteramos o manifestado en Mesa xeral, **rexeitamos os procesos selectivos por oposición, a limitación a porcentaxe mínima da promoción interna do anexo I acceso libre, e convocar prazas grupo B con toma posesión como C1** (a Xunta é competente para desenvolver e resolver esta abusiva situación).

UGT solicita o desenvolvemento do Acordo estatal de mellora de emprego coa negociación dun novo marco regulador que deixe atrás as taxas de reposición e formule a ordenación de emprego conciliando a mobilidade, a promoción interna e o acceso libre, con procesos áxiles e simplificados que permitan a resolución anual das OPEs, a mobilidade aberta e unha promoción interna efectiva. **Solicitamos un proceso de funcionarización de repesca.**

RPT AXI

UGT VOTA EN CONTRA. A RPT se aproba co voto a favor da administración, en contra de UGT, CIG, e CCOO, e abstención de CSIF.

Valoramos que AXI manifeste en Mesa que recuperará a transferencia orzamentaria de 5 postos a IGUS, no obstante hai **incumprimento do Acordo** e reiterar que **o cambio de denominación non é unha cuestión menor.**

ACTUALIZACIÓN PREVISIONS ELECCIÓN DESTINO CORPOS XERAIS

Nova **previsión de publicación** da resolución para elección de destino de Corpos xerais: **“nas próximas semanas”**, xa que están analizando o resultado logo do concurso e que cada grupo e subgrupo **dispoña dos postos necesarios segundo aspirantes aprobados!!**. Antes de publicar a DXEPAP convocará para explicar os criterios.

UGT non moveu a des-información da toma de posesión do 12 de maio que aseguraban por supostas “informacións privilexiadas”, bulos, ruído...ou como se queira calificar??.

UGT demanda a DXEPAP e o seu equipo, seriedade, rigor e seguridade xurídica ante unha situación que non ten precedentes polo volume de prazas e movemento de persoal que implica. UGT non comparte menxases apocalípticas e especulativas máxime cando se afirma que se dí o que se dí por falta de datos (resultas). Este proceso **debería derivar na normalización e axilización definitiva** dos concursos, promoción interna e acceso, xa vai sendo hora.

VARIOS

Orientadoras: previsión de resolución adxudicación de destino en 2 ou 3 semanas.

Promoción interna de C1 OPE 2021, aplica criterio de orde de convocatoria que foi en 2023.

